



TELEVISIÓN DE GALICIA

San Marcos
15420 Santiago de Compostela
Tlf. 981 540 640
max_crtvg@rtvg.es www.rtvg.es

TELEVISION DE GALICIA S.A.U.

ANUNCIO DE REDUCCIÓN DE CAPITAL

Aos efectos do previsto nos artigos 319 do texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de xullo (en diante, a “Lei de Sociedades de Capital”), e 170 do Regulamento do Rexistro Mercantil, aprobado polo Real Decreto 1784/1996, de 19 de xullo, faise constar que a xunta xeral extraordinaria de accionistas de Televisión de Galicia, S.A., con código de identificación fiscal número A-15073349 (en diante, a “Sociedade”) celebrada en primeira convocatoria o pasado día 23 de abril de 2014, adoptou, baixo o punto un da súa orde do día, o acordo de reestruturar o capital social da Sociedade, por medio de (i) a aplicación das reservas voluntarias dispoñibles, que ascendían a TRINTA E DOUS MILLÓNS DOUSCENTOS SESENTA E OITO MIL OITOCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (32.268.822,55 €) á compensación de perdas; (ii) a redución de capital social na cifra de CINCUENTA E SETE MILLÓNS CENTO SEIS MIL CATROCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (57.106.435,66 EUROS) mediante a diminución do valor nominal das accións, coa finalidade de restablecer o equilibrio entre o capital e o patrimonio neto da Sociedade diminuído por perdas; (iii) Agrupación e cancelación das accións en que se divide o capital social para o seu cambio por accións de nova emisión, na proporción dunha acción nova por cada SETENTA Y CINCO CON TRINTA E DÚAS MIL SETECIENTAS SESENTA E CATRO (75,32764) preexistentes, con elevación do valor nominal das accións de VINTE E NOVE EUROS CON SETECENTOS SETENTA E SEIS MIL NOVECENTAS DEZASETE MILLONÉSIMAS (29,776917 EUROS) a DOUS MIL DOUSCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON VINTE E CATRO MIL OITOCENTOS OITENTA E CATRO MILLONÉSIMAS (2.243,024884 €), sen modificación da cifra de capital social, coa conseguinte redución do número de accións representativas do capital social en circulación; e (iv) a redución do capital social na cifra de TRINTA E UN MILLÓNS SETENTA E CINCO MIL SEISCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (31.075.622,10 €) mediante a diminución do valor nominal das accións, coa finalidade de constituír unha reserva voluntaria indispoñible por igual importe, todo iso sobre a base do balance aprobado a 31 de decembro pola xunta xeral de accionistas conforme ao disposto no artigo 323 da Lei de Sociedades de Capital.



De conformidade co previsto no artigo 335 da Lei de Sociedades de Capital, non existe nesta operación dereito de oposición de acredores debido a que (i) a primeira redución realizouse coa finalidade de restablecer o equilibrio entre o capital e o patrimonio neto da Sociedade diminuído por perdas; e (ii) a segunda redución realizouse coa finalidade de constituír unha reserva por capital amortizado de igual importe da que só será posible dispoñer cos mesmos requisitos esixidos para a redución de capital social. Así, o acordo de reestruturación do capital social da Sociedade quedou executado no mesmo acto da reunión da Xunta Xeral extraordinaria de accionistas celebrada o día 23 de abril. A adopción deste acordo afectou por igual a todas as accións que compoñen o capital social da Sociedade en proporción ao seu valor nominal.

Como consecuencia de iso, o artigo 5 dos Estatutos Sociais da Sociedade quedou modificado para reflectir a nova cifra do capital social, que quedou fixada en vinte e cinco millóns de euros (25.000.000 €), dividido en *VINTE E CINCO MIL (25.000) accións de MIL EUROS (1.000 €)* de valor nominal cada unha delas, totalmente subscritas e desembolsadas, pertencentes á mesma serie, con iguais dereitos políticos e económicos.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2014.

The image shows a handwritten signature in black ink, which appears to be 'Rosa María Vilas Núñez'. The signature is written over a rectangular stamp. The stamp contains the logo of 'G TELEVISIÓN DE GALICIA' and the word 'Oposición' written vertically. The signature is written in a cursive style, with the first letter 'R' being particularly large and stylized.

A Administradora única, dona Rosa María Vilas Núñez